



CONCELLOS

O CORGO

Anuncio

O Alcalde, por Resolución do 10 de setembro de 2025, acordou iniciar un procedemento de investigación de oficio para determinar a situación e dereitos da parcela sobre a que se construíu o antigo grupo escolar de Gomeán de titularidade do Concello.

A descrición da parcela é a seguinte:

Referencia Catastral: 27014A080000340000IU.

Sobre dita parcela está construído o citado antigo grupo escolar, ca referencia catastral 000104400PH35C0001KQ, desafectada do servizo de educación, e destinado a outros usos municipais (local electoral, usos culturais, asociativos, vivenda, e complementario das dependencias municipais, entre outros).

A parcela e o edificio conforman un único elemento patrimonial, pechado sobre si e con accesos propios; linda polo Norte, unha esquina coa parcela 35; e estrada municipal de Gomeán a Marei; Sur, estrada municipal que conduce a Igrexa de Gomeán; Leste, parcela 35 e Oeste, estrada municipal que conduce a Marei; todos do polígono 80 do Catastro do Corgo.

Superficie 848 m², excluído o que ocupa o edificio municipal.

Durante o prazo de un mes contado desde o día seguinte ao de que se cumpran 15 días da publicación no BOP deste anuncio, aquelas persoas que se vexan afectadas por este procedemento poderán alegar canto estimen oportuno.

O Corgo, 11 de setembro de 2025.- O alcalde, Felipe Labrada Reiña.

R. 2539

GUITIRIZ

Anuncio

Aprobado por Decreto de Alcaldía o padrón fiscal do servizo público de centro de día correspondente ao mes de **AGOSTO 2025**, integrado por 20 recibos por importe total de 7.574,10 €.

Os Padróns quedarán expostos ao público no Concello durante o prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ao da inserción do presente edicto no BOP, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobados no caso de que non se produzan reclamacións contra o mesmo.

A cobranza en período voluntario das taxas do padrón do servizo público de centro de día correspondente ao mes de **agosto 2025**, terá lugar no prazo de dous meses dende a publicación do edicto no Boletín Oficial da Provincia, transcorrido o mesmo procederase a esixir as débedas cos xuros de mora e os recargos de acordo coa artigos 26 e 28 da Lei 58/2003 Xeral tributaria.

Os recibos que figuran domiciliados, enviaranse ás respectivas entidades para o seu cargo nas contas designadas polos contribuíntes.

A presente publicación surtirá efectos de notificación colectiva da liquidación tributaria, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria

Contra o acordo de aprobación dos correspondentes Padróns, poderá interpoñerse con carácter perceptivo recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, contado dende o día inmediato seguinte ó do remate da exposición pública dos correspondentes Padróns

Guitiriz, 3 de setembro de 2025.- A Alcaldesa, María Sol Morandeira Morandeira.

R. 2540

LUGO

Anuncio

DECRETO

Ilma. Sra. D^a. Tareixa A. Ferreiro Tallón, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua.

Instruído o expediente relativo a: Bases que rexerán o proceso de matriculación nas Casas das Linguas María Balteira e Estrada da Granxa do Excmo. Concello de Lugo para o curso 2025/26.

Vista a proposta do Xefe de Servizo de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, obrante no expediente de data 10/09/2025 onde se recollen as Bases que rexerán o proceso de matrícula nas Casas das Linguas, para o curso 2025/26, transcritas na parte dispositiva.

En virtude das atribucións que lle confiren á Alcaldía e a Xunta de Goberno Local os artigos 124 e 127 respectivamente da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e concordantes do Regulamento orgánico municipal do goberno, administración do Concello (ROMGA), atribucións delegadas segundo acordo XGL número 40/607, de 26/07/2023 e Decreto núm. 2730/2025 de 19/03/2025 na súas actuais redaccións,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar as bases e convocatoria do proceso de matrícula nas Casas das Linguas do Excmo. Concello de Lugo para o curso 2025-2026 que seguidamente se transcriben:

<< Bases que rexerán o proceso de matrícula nas Casas das Linguas María Balteira e Estrada da Granxa do Excmo. Concello de Lugo para o curso 2025/26.

1.- Obxecto da convocatoria.

As presentes bases teñen como obxecto regular o procedemento de admisión de alumnado nas Casas das Linguas de Estrada da Granxa e María Balteira para o curso 2025/26.

2.- Persoas destinatarias.

Persoas empadroadas no Concello de Lugo.

No caso dos nenos e nenas, deberán de solicitar a matrícula no idioma do curso escolar correspondente.

As persoas non empadroadas terán a opción de matricularse no caso da existencia de prazas vacantes.

3.- Modalidade do servizo e período de prestación deste.

As actividades de idiomas en ambas Casas das Linguas, iniciaranse o **1 de outubro de 2025 e rematarán o 19 de xuño de 2026.**

As clases de adultos terán unha duración de 75 minutos e as infantís de 50 minutos.

Ofértanse 20 prazas para cada clase no caso de adultos e 15 prazas para as actividades infantís. Nas actividades de familias e bebés adaptarase o número de prazas segundo as solicitudes e as capacidades de prestación da actividade.

4.- Procedemento para a solicitude e concesión do servizo.

O procedemento para a concesión do servizo iniciarase coa solicitude das persoas interesadas, conforme ao modelo aprobado, durante o **período de inscrición que se iniciará ao día seguinte da publicación das bases no BOP ata o 23 de setembro** de 2025.

As solicitudes para Casa das Linguas Estrada da Granxa poderanse efectuar presencialmente ou no correo: casalinguas@lugo.gal

As solicitudes para Casa das Linguas María Balteira poderanse efectuar presencialmente ou no correo: casalinguas.balteira@lugo.gal

Poderanse solicitar varios idiomas pero só se poderá presentar unha solicitude por idioma. No caso de solicitudes duplicadas do mesmo idioma nos dous centros, serán anuladas e non entrarán no sorteo.

No caso necesario, realizarase o **sorteo das prazas o día 24 de setembro**, sendo publicado o listado de persoas admitidas e as listaxes de agarda, no taboleiro de anuncios en cada unha das Casas das Linguas, no

blog (<https://casadaslinguasconcelloodelugogal.blogspot.com/>) e páxina web das mesmas (<https://casadaslinguaslugo.gal/>).

No caso de quedar prazas vacantes, e iniciadas as clases, se aínda quedaran prazas poderán cubrirse por orde de solicitude ata completar a cabida.

Así mesmo, no caso de existir demanda de clases ou actividades que non estean contempladas no programa ofertado, á vista das solicitudes ou suxestións presentadas, poderase realizar unha oferta extraordinaria de matrícula para ditas materias.

5.- Formalización da matrícula: Documentación e pago de taxas.

As persoas admitidas terán que achegar a documentación necesaria para realizar a formalización da matrícula entre o 25 e o 30 de setembro.

Documentación a achegar:

- Fotocopia do DNI,
- Folla de inscrición cuberta,
- Unha fotografía tamaño carné,
- Xustificante do pago de taxas (Modelo 503)

Conforme ao disposto na Ordenanza nº 403 que regula os Prezos Públicos pola prestación de servizos nas instalacións culturais, extán exentos de pagamento os menores de 14 anos. Por dito motivo e para que afecte do mesmo xeito a todo ao alumnado dun mesmo curso, os nados antes do ano 2011 (que cumprirían os 14 anos no 2025), deberán abonar 30,90€ por idioma en concepto de matrícula para o curso anual. Para isto deberán de cubrir o impreso 503 para as taxas de pago. Este impreso pódese recoller nos centros das Casas Das Linguas xa impreso ou ben descargalo da páxina Web do Concello, no caso de descarga do documento, deberán imprimir 3 copias do mesmo arquivo (ca mesma numeración):

- Exemplar para o solicitante.
- Exemplar para o banco.
- Exemplar para entregar no centro da Casa Das Linguas

No caso de menores de idade, achegárase o DNI do pai/nai ou titor legal que realice a solicitude, folla de inscrición cuberta, unha fotografía tamaño carné e a autorización da toma de imaxes.

No caso de non formalizar a matrícula no prazo indicado para a mesma perderase o dereito á praza.

Non se considerará matriculada a persoa que non teña presentado o xustificante de pago.

No suposto de que algunha das persoas admitidas incumpran as obrigas de asistencia sen a xustificación oportuna (máis de 4 faltas sen xustificación), causará baixa na actividade solicitada, sendo cuberta a praza, se existe listaxe de reservas, segundo a orde establecida na mesma.

6.- Idiomas a impartir .

Impartiranse actividades nos seguintes idiomas:

Inglés. Niveis adultos: A1, A2, B1, B2-C1

Niveis infantil: Bebés, Infantil, Primaria.

Francés. Niveis adultos: A1-A2, A2- B1

Niveis infantil: Bebés, Infantil, Primaria.

Alemán. Niveis adultos: Iniciación, Básico, Intermedio

Niveis infantil: Primaria.

Galego. Niveis adultos: Iniciación, CELGA

Niveis infantil: Primaria

Linguaxe de signos. Niveis adultos: Iniciación

Niveis infantil: Iniciación

En función das necesidades do servizo, ou da demanda existente, as clases poderán ser anuladas ou substituídas por outras.

ESTRADA DA GRANXA

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
Francés Inglés Alemán Galego Lingua de Signos	10:00-11:15 Inglés Elementary I (nivel A1 Adultos) 11:30-12:45 Inglés Elementary II (nivel A2 Adultos)		10:00-11:15 Inglés Intermediate English Galego Iniciación 11:30-12:45 Inglés Advanced English (nivel B2-C1) Adultos. Galego CELGA	10:00-11:15 Inglés Elementary II (nivel A1.2) Adultos Francés Intermedio (B1) 11:30-12:45 Inglés Advanced English (nivel B2-C1) Adultos. 12:00-12:50 Francés Bebés e familia (0-3 años)	10.00-11.15 Francés Iniciación 2 (A2 adulto) 11.30-12.45 Francés Avanzado (B2 adulto)
	16:30-17:20 Inglés Magic English I & Musical English (1º,2º,3º Prim) 17:00-18:45 Alemán Iniciación (adultos) 17:30-18:20 Inglés Magic English II & Musical English (4º,5º,6º Prim) 18:30-19:45 Alemán Basico (A2) Inglés Advanced English (nivel B2-C1) Adultos.	16.30-17.20 Francés Infantil (4º5º6º infantil) 17.30-18.20 Francés Primaria 1 (1º2º3º primaria) 18.30-19.20 Francés Primaria 2 (4º5º6º primaria)	16:30-17:20 Inglés Magic Kinder (De 3º,4º 5º Educación infantil) Lingua de signos (nenas/os) 17:30-18:20 Inglés Magic English I & Musical English (1º,2º,3º Prim) Galego Infantil I 17:30-18:45 Lingua de signos (adultos) 18:30-19:20 Inglés Magic English II & Musical English (4º,5º,6º Prim) Galego primaria 19:30- 20:20 Inglés Magic Highschool	16.30-17.45 Francés Básico (A2-B1- adulto) 16:30-17:20 Inglés Magic Kinder (De 3º,4º 5º Educación infantil) 18.00-19.15 Francés Iniciación (A1 adulto) 19.30-20.20 Francés ESO (1º2º3º4º ESO)	

MARIA BALTEIRA

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
Alemán Inglés Francés Galego Lingua Signos de		10:00-11:15 Inglés Elementary II (nivel A1) Adultos 11:30-12:45 Inglés Intermediate English (nivel B1) Adultos		10:00-11:15 Galego Iniciación 11:30-12:45 Celga	10:00-10:50 Inglés Bebés e familia (0-3 años) 11:00 -11:50 Inglés Intercambio cultural/Inglés 12:00 -12:50 Inglés Bebés e familia (0-3 años)
	16.30-17.20 Francés Infantil (4º5º6º infantil) 17.30-18.20 Francés Primaria 1(1º2º3º primaria) 18.30-19.20 Francés Primaria 2 (4º5º6º primaria) 19.30-20.20 Francés ESO (1º2º3º4º ESO)	16:30-17:50 Inglés Elementary I (nivel A1) Adultos 16:30-17:20 Lingua de signos (niños) 17:30-18:45 Lingua de signos (adultos) 18:00-19:15 Inglés Basic English (nivel A2) Adultos 18:30-19:20 Galego Primaria 19:30- 20:30 Inglés Magic Highschool	16.30-17.20 Francés Bebés e familia (0-3 años) 17:00-17:50 Alemán Nenos/as (Iniciación desde 0) 17.30-18.45 Francés Iniciación (A1-A2 adulto) 18:00-18:50 Alemán Nenos/as (basico) 19:00-20:15 Alemán Adultos (Intermedio) Francés Básico (A2-B1 - adulto)	16:30-17:20 Inglés Magic Kinder (De 3 a 5 anos) Galego Eso 17:30-18:20 Inglés Magic English I & Musical English (1º,2º,3º Prim) Galego Infantil 18:30-19:20 Inglés Magic English II & Musical English (4º,5º,6º Prim) Galego Primaria 19:30- 20:20 Quizz night/ Board Game night	16:30-17:20 Inglés Magic English I & Musical English (1º,2º,3º Prim) 18:30-19:20 Inglés Magic English II & Musical English (4º,5º,6º Prim)

>>

SEGUNDO.- Dar publicidade da presente convocatoria, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de edictos e na páxina web do Concello.

TERCEIRO.- Notificar a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, ao interesado coa indicación de que contra a mesma caberá interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso contencioso-administrativo, no prazo de DOUS MESES, contados dende o día seguinte ó da notificación do presente acto, ante o Xulgado de dita xurisdición de Lugo (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa), así como as demais accións legais que estime pertinentes.

- Malia o anterior, e con carácter previo, poderase interpoñer o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 123 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ante a Alcaldía / Xunta de Goberno (resolvendo a Alcaldía ou a Xunta de Goberno Local, segundo a atribución delegada) e no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ó da notificación do presente acto.

No caso de que se interpuxese o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do devandito recurso de reposición (artigo 123 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas).

Así mesmo, deáselles traslados as dependencia e ós servizos municipais afectados.

Cúmprase.

Lugo, 10 de setembro de 2025.- A Tenente de Alcaldesa Delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, Ilma. Sra. D.^a Tareixa A. Ferreiro Tallón.

R. 2547

AS NOGAIS

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de data 10 de setembro de 2025 aprobouse o Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar na modalidade de libre concorrência ou prestación básica e de dependencia correspondente ao mes de agosto de 2025.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de 15 días hábiles, que empezará a contar dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA) O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

As Nogais, 10 de setembro de 2025.- O Alcalde, Jesús Manuel Núñez Díaz.

R. 2541

SOBER

Anuncio

I.- BASES REGULADORAS PARA A CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS E MATERIAL ESCOLAR E PAGAMENTO DE GASTOS DE MATRÍCULA DE ALUMNAS/OS DE EDUCACIÓN INFANTIL (2º CICLO) E EDUCACIÓN PRIMARIA DO CEIP PLURILINGÜE VIRXE DO CARME, ESTUDANTES DE SECUNDARIA E CICLOS DE FP, BAC E UNIVERSITARIOS DO CONCELLO DE SOBER

1.- OBOXECTO E FINALIDADE DAS AXUDAS

O obxecto das presentes bases é a concesión de axudas a familias para a adquisición de libros de texto, material escolar, equipos informáticos (ordenadores) ou ofimáticos (impresoras, escaner) e, no seu caso, gastos de matrícula no centro universitario, de alumnas/os matriculadas/os de Educación Infantil e Educación Primaria do CEIP Plurilingüe Virxe do Carme do Concello de Sober e para alumnos de educación secundaria, ciclos de FP, Alumnos BAC e Universitarios en réxime de concorrência non competitiva de acordo co artigo 19.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Exclúense os gastos de matrícula de estudos non incluídos nos plan de estudos do correspondentes ciclos formativos ou carreiras universitarias coma os máster así como os gastos de roupa. Con todo, a uniformidade do colexio para Educación infantil ou primaria (mandilóns ou chándal do colexio) considérase gastos subvencionable

2.- BENEFICIARIAS/OS

As axudas poderán ser solicitadas polos pais/nais, titores/as ou persoa encargada da garda e custodia das/os alumnas/os que reúnan os seguintes requisitos:

1. Que a persoa solicitante así como os/as menores beneficiarios/as da mesma, se encontren empadroados e residan efectivamente no Concello de Sober.
2. Ter fillas/os cursando estudos de educación infantil (3 a 5 anos), educación primaria no CEIP Plurilingüe Virxe do Carme , no curso 2025-2026
3. Estar cursando estudos de secundaria, ciclos de FP, BAC ou universitarios no curso 2025-2026.
4. Non ser debedor/a da Facenda Municipal, Autonómica e Estatal, así como da Seguridade Social
5. Non ter pendente de xustificación ningunha subvención outorgada polo Concello de Sober.
6. Non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario, recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia e no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

As/os beneficiarias/os terán as seguintes obrigas co Concello de Sober:

- a. Cumprir a actividade obxecto da subvención, é dicir, realizar o gasto en libros e material escolar ou de estudo, para o curso 2025/2026.
- b. Cumprir todos os requisitos recollidos no punto 2 das bases reguladoras
- c. Someterse ás actuacións de comprobación da veracidade dos datos reflectidos na documentación presentada, así como do cumprimento dos requisitos para a concesión da axuda e colaborar co concello nas ditas actuacións
- d. Comunicar ao Concello de Sober calquera modificación nas circunstancias esixidas para a concesión da axuda

3.- CRÉDITO ORZAMENTARIO E CONTÍA DAS AXUDAS

- As axudas serán como máximo de 100 euros por cada fillo que estea cursando estudos de educación infantil (2º ciclo) de 3 a 5 anos ou primaria no CEIP Plurilingüe Virxe do Carme , no curso 2025/2026.
- As axudas serán como máximo de 125 euros por alumno que estea cursando estudos de secundaria, ciclos de FP ou BAC no curso académico 2025/2026.
- As axudas serán como máximo de 250 euros por alumno que estea cursando estudos universitarios no curso académico 2025/2026.

Aplicación orzamentaria á que se imputarán estas axudas é a 326.489 do orzamento municipal para o 2025 ata un total de 15.000 euros.

Poderá incrementarse esta contía prevista en función das solicitudes presentadas e de acordo coa dispoñibilidade de crédito. Dita ampliación poderá acordarse por Resolución da Alcaldía e deberá publicarse nos mesmos medios que esta convocatoria, sen que tal publicidade implique a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio dun novo cómputo de prazo para resolver.

4.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN NECESARIA

4.1 PRAZO: As solicitudes deberán presentarse ata o **15 de outubro**.

4.2. LUGAR: Departamento de Servizos Sociais do Concello de Sober en horario de 9:00 a 14:00 de luns a venres ou a través da sede electrónica do Concello de Sober (**concellodesober.sedelectronica.gal**).

4.3 DOCUMENTACIÓN QUE SE DEBERÁ XUNTAR:

As solicitudes achegaranse mediante modelo oficial subscrito pola persoa interesada ou, no seu caso polo pai/nai/titor legal. A presentación da dita solicitude comportará a autorización ao órgano xestor para a comprobación dos datos que constan na mesma ante os organismos ou entidades correspondentes.

Cada solicitude deberá ir acompañada da seguinte documentación:

- 1) Fotocopia do DNI ou NIE do solicitante
- 2) Fotocopia do libro de familia. No seu caso, sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou convenio regulador onde conste a custodia do alumno, de selo caso, para as subvencións para libros e material escolar.
- 3) Certificado expedido polo centro, acreditativo de que o solicitante cursa estudos no mesmo ou no caso de estudantes de secundaria, ciclos de FP, BAC, ou universitarios de pagamento da matrícula
- 4) Declaración responsable de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e co Concello, así como de non estar incurso en ningunha das prohibicións para contratar.
- 5) Declaración de outras axudas solicitadas ou concedidas para a mesma actuación.
- 6) Datos bancarios do beneficiario ou representante legal para recibir a subvención.
- 7) Facturas xustificativas no que figure o nome do solicitante e do neno/a beneficiario/a da axuda e detalle da compra dos libros e material escolar ou de estudos correspondente ao curso escolar 2025/2026.
- 8) Calquera outro documento que se considere de interese para a mellor avaliación da subvención e calquera outra documentación que lle sexa solicitada polo Concello en relación co outorgamento da subvención.

5.- PUBLICIDADE

A convocatoria destas axudas publicarase no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios do Concello e na Base de Datos Nacional de Subvencións e farase por Decreto da Alcaldía.

6.- PROCEDEMENTO

O órgano competente para a concesión das axudas será a Alcaldía, previo informe da Intervención municipal.

O acordo de concesión ou denegación será motivado, quedando constancia no expediente dos fundamentos da resolución que se adopte. As axudas concedidas publicaranse no prazo máximo de un mes, a contar dende a finalización do prazo de presentación de solicitudes e en todo caso antes do 31 de decembro, e publicaranse no taboleiro de anuncios do concello.

No caso de que as solicitudes presentadas superen o crédito dispoñible na aplicación orzamentaria, establécese a preferencia das familias que acrediten menor nivel de renda.

A modificación de calquera das circunstancias que se tiveran en conta para a concesión das mesmas, que deberá ser posta en coñecemento do concello, poderá dar lugar á modificación da resolución.

7.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

O pagamento destas axudas realizarase mediante transferencia bancaria, tras a súa xustificación por medio da presentación de facturas orixinais. En casos especiais, os cales terán que ser valorados polas profesionais do Departamento municipal de Servizos Sociais, o pagamento da axuda, tras a delegación escrita do/a beneficiario/a, aboaráselle ao establecemento ou empresa subministrador/proveedor do material ou dos servizos.

O prazo máximo de xustificación será ate o 15 de novembro.

Terán a consideración de casos especiais aqueles que por razón de necesidade, precariedade ou urxencia se atopen nunha situación de risco e/ou desprotección, sendo necesario nestes casos un informe das Traballadoras Sociais do Concello.

8. INCUMPRIMENTO E REINTEGRO DAS ACHEGAS:

De conformidade co disposto nos artigos 33 e seguintes da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de mora correspondente desde o momento do pagamento da achega ate a data que se acorde a procedencia do reintegro, nos seguintes casos:

- a) Obtención da axuda falseando as condicións requiridas para elo ou ocultando aquelas que o houberan impedido.
- b) Incumprimento total ou parcial do obxectivo, actividade ou do proxecto ou non adopción do comportamento que fundamente a concesión da subvención.
- c) Incumprimento da obrigaón de xustificación ou a xustificación insuficiente, nos termos do artigo 28 da Lei de Subvencións de Galicia e no caso das normas reguladoras da subvención.
- d) Incumprimento da obrigaón de adoptar as medidas de difusión contidas no apartado 3 do artigo 15 da Lei de Subvencións de Galicia.
- e) Resistencia, excusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas en los artículos 11 y 12 da Lei 9/2007.
- f) Incumprimento das obrigaóns impostas pola administración ás entidades colaboradoras e beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, sempre que afecten ou se refiran ao modo en que se conseguen os obxectivos, realízase a actividade, execútase o proxecto ou se adopta o comportamento que fundamenta a concesión da subvención
- g) Incumprimento das obrigaóns impostas pola administración ás entidades colaboradoras e beneficiarios.
- h) Adopción, en virtude do establecido nos artigos 87 a 89 do Tratado da UE, dunha decisión da que se derive unha necesidade de reintegro.
- i) Nos demais supostos contemplados na normativa reguladora da subvención.

9 . DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA.

Para todas as cuestións non previstas nas presentes bases será de aplicación o establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e o seu regulamento de desenvolvemento, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e o seu regulamento de desenvolvemento.

10. DISPOSICIÓN FINAL.

As presentes axudas concederanse ate o límite do crédito orzamentaria previsto para este finalidade na aplicación 326.489, con todo se declara ampliable co obxecto de que se poda incrementar no caso de que exista crédito suficiente e axeitado para elo.

ANEXO I – MODELO DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN CONCELLO DE SOBER

DATOS DA SOLICITANTE (alumno)			
NOME E APELIDOS			
NIF		TELÉFONO	
DIRECCIÓN			
LOCALIDADE		CODIGO POSTAL	

DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE (tutor/pai/nai dos alumnos menores de idade)			
NOME E APELIDOS			
NIF		TELÉFONO	
RELACIÓN COA SOLICITANTE (nai, pai, titor legal)			
CORREO ELECTRONICO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN			

DATOS BANCARIOS	
ENTIDADE BANCARIA	
Nº DE CONTA	

SUBVENCIÓN SOLICITADA (marcar cun X)

☐	Axuda para libros e material escolar infantil ou primaria
☐	Axuda para libros e material escolar secundaria, ciclos FP e BAC
☐	Axuda para gastos de matrícula, libros e material universitario

DOCUMENTACIÓN ACHEGADA (marcar cun X)

☐	1) Fotocopia do DNI ou NIE do solicitante
☐	2) Fotocopia do libro de familia. No seucaso, sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou convenio regulador onde conste a custodia do alumno, de selo caso, para as subvencións para libros e material escolar.
☐	3) Certificado expedido polo centro, acreditativo de que o solicitante cursa estudos no mesmo ou no caso de estudantes de secundaria, ciclos FP, BAC ou universitarios de pagamento da matrícula
☐	4) Declaración responsable de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e co Concello, así como de non estar incurso en ningunha das prohibicións para contratar.
☐	5) Declaración de outras axudas solicitadas ou concedidas para a mesma actuación.
☐	6) Datos bancarios do beneficiario ou representante legal para recibir a subvención (recibo ou certificado de conta)
☐	7) Facturas xustificativas no que figure o nome do solicitante e do neno/a beneficiario/a da axuda e detalle da compra dos libros e material escolar ou xustificante de pagamento da matrícula no caso de estudos superiores universitarios, BAC e formación superior correspondente ao curso escolar 2025/2026.
☐	8) Calquera outro documento que se considere de interese

A persoa asinante DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

1. Que coñezo e acepto as bases reguladoras da presente convocatoria e que non estou incurso nas causas de incompatibilidade ou incapacidade para recibir subvención previstas no art. 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións.

2. Que me atopo ao corrente en obrígalas co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social. Así como co Concello de Sober. E que autoriza ao órgano instructor da subvención para solicitar de oficio as consultas necesarias a estas Administracións.

3. Que me someto ás actuacións de comprobación e á achega da documentación que o Concello de Sober poida acordar para comprobar que as actuacións ás que se dedique a subvención, no caso de que nos fose concedida, correspóndense cos fins para os que se solicita.

4. Que percibiu as seguintes subvencións para a mesma finalidade:

Denominación	Entidade concedente	Importe

5. Que todos os datos achegados na presente solicitude son certos.

LUGAR E DATA	
SINATURA	

Sober, 3 de setembro de 2025.- O Alcalde, Luis Fernández Guitián.

R. 2542

O VICEDO

Anuncio

EXPOSICIÓN Ó PÚBLICO

Por resolución da Alcaldía de 9 de Setembro de 2025, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de Agosto de 2025 do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar.

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante o Sr. Alcalde – Presidente, no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, dous meses a contar dende o día da súa publicación no Boletín . Para o cobramento dos mesmos, ós contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas.

Para os demais contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectuar o pagamento en calquera oficina das entidades bancarias radicadas no termo municipal do Vicedo.

Transcorrido o prazo de pagamento en período voluntario, iníciase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento xeral de recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, xeral tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

O Vicedo, 9 de setembro de 2025.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 2543

MINISTERIO DE FACENDA

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONS (BDNS) – SOBER

Anuncio

BASES REGULADORAS PARA A CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS E MATERIAL ESCOLAR E PAGAMENTO DE GASTOS DE MATRÍCULA DE ALUMNAS/OS DE EDUCACIÓN INFANTIL (2º CICLO) E EDUCACIÓN PRIMARIA DO CEIP PLURILINGÜE VIRXE DO CARME, ESTUDANTES DE SECUNDARIA E CICLOS DE FP, BAC E UNIVERSITARIOS DO CONCELLO DE SOBER

BDNS (Identif.):856140

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións

(<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/856140>)

1.- OBXECTO E FINALIDADE DAS AXUDAS

O obxecto das presentes bases é a concesión de axudas a familias para a adquisición de libros de texto, material escolar, equipos informáticos (ordenadores) ou ofimáticos (impresoras, escáner) e, no seu caso, gastos de matrícula no centro universitario, de alumnas/os matriculadas/os de Educación Infantil e Educación Primaria do CEIP Plurilingüe Virxe do Carme do Concello de Sober e para alumnos de educación secundaria, ciclos de FP, Alumnos BAC e Universitarios en réxime de concorrencia non competitiva de acordo co artigo 19.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Exclúense os gastos de matrícula de estudos non incluídos nos plan de estudos do correspondentes ciclos formativos ou carreiras universitarias coma os máster así como os gastos de roupa. Con todo, a uniformidade do colexio para Educación infantil ou primaria (mandilóns ou chándal do colexio) considérase gastos subvencionable

2.- BENEFICIARIAS/OS

As axudas poderán ser solicitadas polos pais/nais, titores/as ou persoa encargada da garda e custodia das/os alumnas/os que reúnan os seguintes requisitos:

1. Que a persoa solicitante así como os/as menores beneficiarios/as da mesma, se encontren empadroados e residan efectivamente no Concello de Sober.
2. Ter fillas/os cursando estudos de educación infantil (3 a 5 anos), educación primaria no CEIP Plurilingüe Virxe do Carme , no curso 2025-2026
3. Estar cursando estudos de secundaria, ciclos de FP, BAC ou universitarios no curso 2025-2026.
4. Non ser debedor/a da Facenda Municipal, Autonómica e Estatal, así como da Seguridade Social
5. Non ter pendente de xustificación ningunha subvención outorgada polo Concello de Sober.
6. Non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario, recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia e no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

As/os beneficiarias/os terán as seguintes obrigas co Concello de Sober:

- a. Cumprir a actividade obxecto da subvención, é dicir, realizar o gasto en libros e material escolar ou de estudo, para o curso 2025/2026.
- b. Cumprir todos os requisitos recollidos no punto 2 das bases reguladoras
- c. Someterse ás actuacións de comprobación da veracidade dos datos reflectidos na documentación presentada, así como do cumprimento dos requisitos para a concesión da axuda e colaborar co concello nas ditas actuacións
- d. Comunicar ao Concello de Sober calquera modificación nas circunstancias esixidas para a concesión da axuda

3.- CRÉDITO ORZAMENTARIO E CONTÍA DAS AXUDAS

- As axudas serán como máximo de 100 euros por cada fillo que estea cursando estudos de educación infantil (2º ciclo) de 3 a 5 anos ou primaria no CEIP Plurilingüe Virxe do Carme, no curso 2025/2026.
- As axudas serán como máximo de 125 euros por alumno que estea cursando estudos de secundaria, ciclos de FP ou BAC no curso académico 2025/2026.
- As axudas serán como máximo de 250 euros por alumno que estea cursando estudos universitarios no curso académico 2025/2026.

Aplicación orzamentaria á que se imputarán estas axudas é a 326.489 do orzamento municipal para o 2025 ata un total de 15.000 euros.

4.- SOLICITUDE

4.1 PRAZO: As solicitudes deberán presentarse ata o 15 de outubro.

4.2. LUGAR: Departamento de Servizos Sociais do Concello de Sober en horario de 9:00 a 14:00 de luns a venres ou a través da sede electrónica do Concello de Sober (concellodesober.sedelectronica.gal).

5.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

O pagamento destas axudas realizarase mediante transferencia bancaria, tras a súa xustificación por medio da presentación de facturas orixinais. En casos especiais, os cales terán que ser valorados polas profesionais do Departamento municipal de Servizos Sociais, o pagamento da axuda, tras a delegación escrita do/a beneficiario/a, aboaráselle ao establecemento ou empresa subministrador/proveedor do material ou dos servizos.

O prazo máximo de xustificación será ate o 15 de novembro.

Terán a consideración de casos especiais aqueles que por razón de necesidade, precariedade ou urxencia se atopen nunha situación de risco e/ou desprotección, sendo necesario nestes casos un informe das Traballadoras Sociais do Concello

Sober, 11 de setembro de 2025.- O Alcalde, Luis Fernández Guitián.

R. 2544